

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AGADIC E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS PARA A PROGRAMACIÓN DO 2º SEMESTRE DE 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega de Industrias Culturais

DECLARA que,

a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ven de asinar os convenios da Rede Galega de Teatros e Auditorios por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 coas seguintes entidades locais:

Concello de Cangas, Concello de Carballo, Concello de Muros, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de A Estrada, Concello de A Rúa, Concello de Burela, Concello de Cedeira, Concello de Foz, Padroado da Cultura do Concello de Narón, Concello de Noia, Concello de O Barco de Valdeorras, Concello de Ribadeo, Concello de Viveiro, Concello de As Pontes de García Rodríguez, Concello de Redondela, Concello de Ames, Concello de Arteixo, Concello de Ortigueira, Deputación Provincial de Ourense, Concello de Vimianzo, Concello de Betanzos, Concello de Gondomar, Concello de Tomiño, Concello de O Carballiño, Concello de Oleiros.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

"A realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver nos espazos escénicos de cada localidade e nas condicións especificadas no convenio."

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

"Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios."

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasculturais.xunta.gal



2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data que figura á marxe.

